

Conversa, sala de chats en Moodle

ÍNDICE

Introdución.....	2
Cómo crear unha sala de chat	2
Participar nunha sala de chat.....	4
Traballar con sesións xa celebradas.....	5

Introdución


O Chat de Moodle é unha ferramenta de comunicación que permite aos usuarios manter conversas en tempo real. Os participantes deben estar ao mesmo tempo conectados para participar nas salas de Chat.

Ferramenta que nos podería ser útil para facer unha tutoría co alumnado/pais, unha consulta para chegar a un determinado acordo...

Crear unha sala de chat

Para engadir un chat ao curso débense seguir os seguintes pasos:

- Na páxina do curso pulsar sobre a icona "Activar edición"
- Na sección correspondente, pulsar "Engadir unha actividade ou un recurso" e seleccionar "Conversa".



- e procederemos a facela configuración da sala de chat:

Aspectos a configurar nun chat

● **Xeral:**

- Indicar o "Nome da sala", dato obrigatorio
- Engadir a "Descrición", un texto que especifique a temática da sala e as normas de uso.

The screenshot shows the Moodle chat configuration page. At the top, there's a section titled "Xeral" (General) with a dropdown arrow. Below it, there's a label "Nome desta sala de conversa" (Name of this chat room) followed by a red exclamation mark icon and an empty text input field. Below that is a label "Descrición" (Description) followed by a rich text editor toolbar with icons for bold, italic, underline, link, unlink, list, and image, and a large empty text area. Below the text area is a checkbox labeled "Presentar a descrición na páxina do curso" (Present description on the course page) with a question mark icon. Below this is a section titled "Sesións de conversa" (Chat sessions) with a dropdown arrow. It contains four rows of settings: "Próxima cita" (Next session) with date and time pickers (17, Novembro, 2021, 21, 58); "Repetir sesións" (Repeat sessions) with a dropdown menu showing "Non publicar ningunha hora da conversa"; "Gardar as sesións pasadas" (Save past sessions) with a dropdown menu showing "Nunca eliminar mensaxes"; and "Todo o mundo pode ver as sesións pasadas" (Everyone can see past sessions) with a dropdown menu showing "Non".

● **Sesións de conversa:**

- Establecer a data da seguinte cita seleccionando día, mes, ano e hora no campo "*Próxima cita*".
- "*Repetir sesións*". Esta opción permite incluír automaticamente no Calendario do curso eventos para informar aos estudantes das citas nas que terán lugar vindeiras sesións do chat. Estas citas non implican que a sala só funcione neses momentos, é só informativo. Dispónse de catro opcións para este campo: "Non publicar as horas do chat", "sen repeticións, publicar só a hora especificada", "Á mesma hora todos os días" e "Á mesma hora todas as semanas".
- "*Gardar sesións pasadas*". Permite gravar as sesións para consultalas posteriormente, e que os usuarios que non están no sistema á hora fixada poidan visualizar as intervencións na sala.
- "*Todos poden ver as sesións pasadas*". Determina se todos os usuarios poden acceder ás sesións gravadas ou só os profesores.

O resto de opcións da configuración son as mesmas que para outras actividades/recursos dos que nos ofrece Moodle

Unha vez feita a configuración



[Gardar e volver ao curso](#)

Participar nunha sala de chat

Para entrar nunha sala de chat só hai que facer clic nela, irán aparecendo no panel da dereita os asistentes a medida que se van conectando, e na parte central sairá a conversa



Titoria 1º BACH



Dentro da sala, cada persoa pode escribir o que queira dicir na liña da parte inferior da pantalla e despois pulsar "Enter" . O texto aparece co seu nome, a hora e minuto da intervención. Na parte dereita móstranse os usuarios que están presentes nese momento.


No panel dereito onde están os participantes hai un “Beep” que serve para emitir un pitido a outro participante.

Traballar con sesións xa celebradas

No caso de que se houbera configurado a conversa indicando que se gardaban as sesións de x días atrás e que todo o mundo podía velas (tal e coma se amosa na imaxe seguinte)



ao acceder á sala teríamos a opción



e apareceríanos algo semellante a esto



Tendo a posibilidade de vela conversa completa da sesión que nos interesase

Titoria 1º BACH

Domingo, 2 de Maio de 2021, 22:24 --> Domingo, 2 de Maio de 2021, 22:26

 22:24 Fina:
Bos días

 22:24: Fina Paulos Lareo bip só para vostede!

 22:26: Fina Paulos Lareo acaba de deixar esta conversa

Continuar

ou ben eliminala.

Titoria 1º BACH

Confirmar

Confirma que quere eliminar esta sesión?

Continuar Cancelar

Domingo, 2 de Maio de 2021, 22:24 --> Domingo, 2 de Maio de 2021, 22:26

 22:24 Fina:
Bos días

 22:24: Fina Paulos Lareo bip só para vostede!

 22:26: Fina Paulos Lareo acaba de deixar esta conversa



“Chats en Moodle” by Fina Paulos Lareo is licensed under a Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional License.